

Concello de Viveiro

EXPEDIENTE: 2118/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta, en funcións, do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 19 de xuño de 2020, relativo a Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través dos programas da Xunta de Galicia de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), ao amparo da Resolución do 09/06/2020 pola que se lle conceden ao Concello de Viveiro unha praza de peón forestal, con número de expediente: 2118/2020.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas que rexerán o proceso selectivo para cubrir, con carácter temporal, mediante a modalidade de contrato laboral obra ou servizo determinado de interese social coas cláusulas específicas de traballos de interese social, como empregado público ao amparo da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), para a contratación de un traballador non incluídos no cadro de persoal do Concello para o ano 2020.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro o **Xoves día 02 de xullo de 2020, ás 13:00 horas**, aos efectos de realizar a proba de galego aos aspirantes non exentos e valoración das solicitudes presentadas polos aspirantes admitidos a dito proceso selectivo.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa, en funcións,
3.2 do

María Loureiro García

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo
Real Decreto 128/2018.

María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

